

Núm : 259/10

RESOLUCION DA ALCALDÍA

Asunto: Adxudicación definitiva do contrato de “Subministro e instalación de herba artificial non Campo de fútbol municipal de Candán (Soutomaior)”.

ANTECEDENTES

I. Por resolución de data 13 de xullo de 2010 esta Alcaldía adxudicou provisionalmente o contrato de “Subministro e instalación de herba artificial non Campo de fútbol municipal de Candán (Soutomaior)” a “Mondo Ibérica, SA”.

II. A adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do Concello en data 13 de xullo de 2010. A tramitación deste procedemento foi declarada urxente por Resolución de data 3 de xuño de 2010.

III. A adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario requiríndoo para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.

IV. Con data 24 de xullo de 2010, o adxudicatario constituíu garantía definitiva por importe de 7.390 € e presentou os documentos xustificativos esixidos.

V.- Vista a necesidade de nomear a un/unha técnico/a para a dirección da instalación da herba.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO:**

1º.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de “Subministro e instalación de herba artificial non Campo de fútbol municipal de Candán (Soutomaior)”.

2º.- Notificar a “Mondo Ibérica, SA”, adxudicataria do contrato, a presente Resolución, así como, ós restantes licitadores.

3º.- Publicar a adxudicación definitiva do contrato de “Subministro e instalación de herba artificial non Campo de fútbol municipal de Candán (Soutomaior)” no Perfil de contratante e no BOP.

4º.- Nomear como directora da instalación da herba a D.ª Cristina Vázquez Lamas, arquitecta municipal.

Soutomaior, 26 de xullo de 2010.

O ALCALDE,

Ante mío, A SECRETARIA,